



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

BASES QUE REXERÁN O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO/A DE INFORMACIÓN TURÍSTICA

Primeira. Obxecto da convocatoria.

1. O obxecto destas bases é convocar, por motivos de necesidade e urxencia, un proceso de selección por concurso-oposición para a contratación por esta Mancomunidad dun/dunha TÉCNICO/A DE INFORMACIÓN TURÍSTICA.
2. A xustificación da urxencia baséase na data límite do 15 de xuño para a contratación establecida na resolución de concesión da subvención, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia,
3. O contrato laboral que se subscribirá será o de obra ou servizo determinado, regulado no artigo 15.1.a) do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.
4. Funcións: asesoramento e información turística dos Concellos da Mancomunidad.
5. Sistema de selección: concurso - oposición.

Segunda. Prazas que se convocan.

A praza obxecto desta convocatoria é a seguinte:

-1 técnico/a de información turística:

-Contrato laboral: obra ou servizo determinado.

-Xornada laboral: xornada completa.

-Duración: tres meses.

-Retribución: 1.305,71 (todos os conceptos salariais incluídos)

Terceira. Condicións e requisitos dos aspirantes.

Os aspirantes que tomarán parte no concurso de méritos deberán reunir, na data na que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

- a) Ser español ou cidadán dalgún estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como estranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o correcto desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.
- g) Estar en posesión do carné de conducir "B".
- h) Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos:
- Técnico superior en información e comercialización turística.
 - Técnico superior en guía, información e asistencia turística.
 - Técnico en empresas e actividades turísticas.
 - Grao ou diplomatura en turismo ou equivalente.
 - Ter a habilitación de guía de turismo.
- i) Como medida de fomento de emprego, o aspirante deberá figurar como desempleado ou demandante dunha mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- j) Coñecemento da lingua galega: de acordo ao establecido no artigo 51 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administración Pública de Galicia e para garantir o uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así coma a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

conforme a normativa vixente.

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA 4, título superior ou equivalente, deberá superar unha proba oral sobre o coñecemento do idioma galego.

Todos estes requisitos deberán reunirse con referencia ao último día da presentación de instancias.

Cuarta. Baremos dos méritos e da fase oposición.

a) Os méritos que se valorarán, segundo a puntuación e acreditación que se especifica, son os seguintes:

1. Experiencia profesional: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 5 puntos.

- a) Por servizos remunerados prestados na Administración pública na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,25 puntos por mes completo.
- b) Por servizos remunerados prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,10 puntos por mes completo (máximo 3 puntos)

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada) e copia dos contratos de traballo. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará. Rexeitaranse as fraccións de tempo inferiores ao mes (30 días) e os contratos a tempo parcial cunha xornada inferior á xornada completa valoraranse de xeito proporcional.

2. Formación: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 2 puntos. Por asistencia a cursos organizados por administracións públicas ou homologados, relacionados coas funcións do posto ao que se opta:

Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos/curso.

Cursos de 21 a 40 horas: 0,15 puntos/curso.

Cursos de 41 a 100 horas: 0,20 puntos/curso.

Cursos de 101 a 250 horas: 0,25 puntos/curso.



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

Cursos de 251 horas a 500 horas: 0,35 puntos/curso.

Cursos de máis de 500 horas: 0,50 puntos/curso.

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación da copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas, e puntuarase con 0,10 puntos por curso.

3. Coñecemento de idiomas: máximo 1 punto.

- Por estar en posesión do título B1 en Inglés, ou titulación equivalente; 0,40 puntos.
- Por estar en posesión do título B2 en Inglés, ou titulación equivalente; 0,60 puntos.
- Por estar en posesión do título C1 en Inglés, ou titulación equivalente; 0,80 puntos.
- Por estar en posesión do título C2 en Inglés, ou titulación equivalente; 1,00 puntos.
- Por estar en posesión do título B1 en francés, ou titulación equivalente; 0,40 puntos.
- Por estar en posesión do título B2 en francés, ou titulación equivalente; 0,60 puntos.
- Por estar en posesión do título C1 en francés, ou titulación equivalente; 0,80 puntos.
- Por estar en posesión do título C2 en francés, ou titulación equivalente; 1,00 puntos.

4. Formación regrada: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 2 puntos. Por estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións ou o certificado de profesionalidade relacionado coas profesións requiridas nestas bases:

- Titulación universitaria: 2 puntos
- Titulación de FP II ou ciclo superior: 1,50 puntos.
- Titulación de FP I ou ciclo medio: 1,25 punto.
- Certificado de profesionalidade relacionados co posto ofertado:
 - a) Nivel 1: 1 punto.
 - b) Nivel 2: 0,80 puntos.
 - c) Nivel 3: 0,60 puntos.

No suposto de estar en posesión de máis dunha das titulacións referidas, soamente se



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

valorará a de maior nivel.

b) As probas que se valorarán na fase oposición, segundo a puntuación que se especifica, son as seguintes:

Exame teórico: máximo 15 puntos.

Realizarase unha proba na que deberán superar un exame con trinta cuestións tipo test sobre os seguintes temarios:

- 1) Coñecemento do Castelo de Monterrei.
- 2) Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.
- 3) Estratexia de turismo 2020.
- 4) Coñecementos do termos municipais: Estrutura dos municipios. Número e nome das parroquias existentes, historia.
- 5) Principais recursos e eventos turísticos dos concellos da Mancomunidad.
- 6) Coñecemento xeral dos aspectos turísticos e culturais mais relevantes da comarca de Verín.

- Cada resposta correcta sumará 0,50 puntos.

- Cada resposta errada restará 0,25 puntos.

- A puntuación mínima para superar esta proba será de 7,5 puntos

- Esta proba é eliminatoria.

QUINTA. Forma e prazo da presentación de solicitudes.

1. As solicitudes para participar neste concurso presentaranse, conforme ao modelo que figura como anexo I das bases, no prazo de cinco días hábiles no Rexistro xeral da Mancomunidad, en horario de 9.00 a 14.00 h., ou na forma que determina o artigo 16.4 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sendo necesario neste caso comunicar a remisión da documentación vía e-mail a Mancomunidad. Dito correo deberá ter entrada no prazo de presentación das solicitudes, pois noutro caso non serán admitidas (e-mail Mancomunidad: mancomunidad@verin.gal).

2. O referido prazo computarase a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, achegándose a seguinte documentación:

- a. Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- b. Copia compulsada do Carné de conducir.
- c. Documentación xustificativa de estar anotado no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- d. Acreditación documental xustificativa dos méritos esixidos. (soamente se terán en conta os méritos alegados con data límite o último día da presentación de instancias).
- e. Declaración xurada de cumprir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente (Anexo II).

SEXTA. Tribunal cualificador

1. O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos aspirantes e as probas establecidas nas bases, estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente.
- Vogal.
- Secretario-vogal.

O tribunal esta facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficacia.

O tribunal valorará a documentación presentada na fase de concurso e as probas realizadas na fase oposición, de acordo ás bases da convocatoria.

O tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas, quen se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán con voz pero sen voto.

No suposto de que forme parte do tribunal algunha persoa allea a Mancomunidade, terá dereito a percibir indemnización por a asistencia correspondente segundo o Real Decreto 462/2002 do 24 de maio.



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

SÉTIMA. Procedemento de selección

Rematado o prazo de presentación de instancias, aprobarase a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo. A mesma resolución do Presidente conterà a composición do tribunal, o lugar, data e hora das probas. A lista fixarase no Taboleiro de anuncios e na páxina web da Mancomunidad (www.mancoverin.es), concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións, emenda de erros ou achega de documentación complementaria. Concluído este prazo o presidente aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos.

A orde de clasificación definitiva de todos os aspirantes virá determinado pola suma das puntuacións totais obtidas no proceso selectivo.

De acordo coa relación, elevarase ao presidente, ademáis da acta da sesión, a proposta de nomeamento dos aspirantes aprobados, procedendo o presidente ao nomeamento dos aspirantes seleccionados, efectuándose a formalización do correspondente contrato laboral.

En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

Cos traballadores que superasen as probas farase unha listaxe por orde de puntuación que no suposto de renuncia dalgún dos traballadores contratados con anterioridade á finalización do servizo, substituirase polo traballador seguinte na lista de similares características.

OITAVA. Recursos.

Estas bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

NOVENA.- Normas supletorias de aplicación

En todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido nas seguintes normas:



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

a) Bases xerais reguladoras da contratación do persoal da mancomunidad de municipios da comarca de Verín e dos concellos de Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra e Vilardevós.

(consultábeis na seguinte web: <http://www.mancoverin.es/category/novas/page/5/>)

b) Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público

c) Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

d) Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

e) Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

f) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

O Presidente

Jose Luis Suárez Martínez

* Documento asinado dixitalmente a marxe.



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

ANEXO I: Modelo de instancia

NOME E APELIDOS _____

DNI _____ DATA NACEMENTO _____

R/ _____ Nº _____

LOCALIDADE _____ PROVINCIA _____

CÓDIGO POSTAL _____ TELÉFONO _____ email _____

Enterado/a da convocatoria pública realizada pola Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín, para a contratación dun/dunha

-Técnico/a de información turística

DECLARO:

1º- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

2º.- Solicito ser admitido/a ó referido procedemento, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

3º.- Que autorizo a Mancomunidad para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro e na páxina Web da Mancomunidad, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Verín, ____ de _____ de 2019

Asdo. _____



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

AO PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DE VERIN

ANEXO II: Modelo de declaración responsable

D./Dña _____, con DNI núm. _____ e domicilio en _____ declaro que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación dun educador/a social, asino esta declaración, baixo a miña responsabilidade, en Verín,.....de.....de 2019.

(Asinado polo interesado)